



# ENCONTROS DE ORIENTACIÓN

## REDE DO IES DO MILLADORO

### **Visión e valoración desde a Inspección Educativa**

Manuel Guerra Fernández

*Inspector de educación (Xunta de Galicia)*

**A Coruña, 21 de febreiro de 2019**

# ÍNDICE

1. **Visión xeral da inspección educativa**
2. **Trazos máis saliantables da Rede.**
3. **Contextualización, motivación e primeiros pasos.**
4. **Contextualización das intervencións na normativa.**
5. **-Valoración das aportacións da Rede do IES do Milladoiro.**
6. **Desexos de futuro.**
7. **Conclusións.**

# 1.-Visión xeral da inspección educativa.

## Visión xeral:

Estamos ante **unha mesa de traballo** e **un instrumento de participación** desde e para a comunidade educativa da contorna do Milladoiro do concello de Ames e para realizar propostas de acción a prol de melloras na atención á diversidade, convivencia e participación da comunidade educativa.

Esta REDE tamén representa **oportunidades de mellora** na atención educativa cara alumnado con neae, contando coa implicación axentes, institucións e recursos diversos de valor para o ámbito socioeducativo da zona.

Constitúe unha plataforma na procura de complicidades para xestionar ben e cada vez mellor, o servizo e atención ao alumnado, familias e necesidades educativas do Milladoiro pero con retroalimentación e valor como experiencia para diferentes membros que conforman a Rede.

Desde a inspección educativa, a visión que se ten é que a día de hoxe a Rede do IES do Milladoiro constitúe un exemplo de boas prácticas é desexamos que sexa un referente para outras zonas educativas, etc.

## 2.-Trazos máis saliantables da Rede.

### Punto de vista da inspección educativa.

- ✚ Conformase como un instrumento de posta a disposición e posta en común de aspectos que interesan, tanto ao centro como aos diferentes membros que constitúen a rede.
- ✚ Conta actualmente, tamén coa participación de alumnado con presenza nas reunións da rede, cuxa valoración é moi positiva, en tanto que percibe unha imaxe positiva, tanto da propia rede como das actuacións levadas a cabo polo centro.
- ✚ Fortalece a visión da tarefa que levan a cabo os centros (tanto a nivel directivo, titorial, docente e moi especialmente a orientación).
- ✚ É unha das canles para dar unha resposta coordinada ás accións que deben desenvolver os centros desde o punto de vista normativo pero tamén, de cara atender e xestionar adecuadamente demandas internas e externas.
- ✚ Pon en valor, a atención educativa que prestan os centros participantes pero tamén indicadores de calidade, como «liderado», «alianzas externas», ...

### **3.-Contextualización, motivación e primeiros pasos.**

- Tanto o desde o IES do Milladoiro como tamén desde o propio Concello de Ames enténdese a educación como un proceso no que debe estar involucrada toda a sociedade e as súas institucións, en especial, a da localidade na que o centro desenvolve o seu labor.
- Con esta motivación e finalidade, no curso 2015/2016 creouse a Rede do IES do Milladoiro como punto de encontro das institucións e organizacións coas que colabora o centro, entre as que a participación do Concello de Ames é fundamental.
- Seguindo esta premisa, ambas institucións acordaron por exemplo, en data do 21/12/2016 levar a cabo un programa experimental (unha proba piloto), a través do cal se vai a tratar de que o alumnado que sexa sancionado poida realizar traballos comunitarios nas dependencias municipais.
- A esta iniciativa seguirán outras coa participación e intervención dos diversos axentes e colectivos que participan na citada Rede.

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (1/12)**

Para facer fronte a determinadas condutas do alumnado, a normativa vixente establece unha serie de medidas correctoras que deben inspirarse no principio do carácter “recuperador” da conduta do alumnado sancionado

### **O artigo 18 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa).**

Unha desas medidas é a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro.

**O artigo 19 da Lei de Convivencia** prevé que o desenvolvemento dos programas de habilidades sociais, por exemplo, se fará en colaboración cos servizos sociais.

Nesta liña, a **Estratexia Galega de Convivencia Escolar** da Consellería de Educación recoñece,

que a necesidade da participación e a implicación de numerosos axentes, *“tanto daqueles que están decote inmersos no clima escolar como doutros que inciden, de xeito máis ou menos permanente, tanxencial ou esporádico, na convivencia”*.

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (2/12)**

A nivel social, o citado documento «ESTRATEGIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2015-2020» propón o establecemento de accións conxuntas con outras institucións e organismos para dar resposta a problemas de conduta.

- ✚ O texto introduce, en segundo lugar, a elaboración de proxectos institucionais e de centro para facer fronte a estas situacións.
- ✚ O documento aposta por modelos integrados de regulación da convivencia en centros educativos a través da actuación en diversos planos, nos que as “medidas de intervención cunha dimensión sociocomunitaria” teñen unha importancia fundamental.

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (3/12)**

O Eixe 3 da citada Estratexia Galega de Convivencia Escolar da Consellería de Educación “Apoio aos centros e á comunidade educativa” establece como acción prioritaria e resalta o papel que poden xogar:

*“Os esforzos realizados conxuntamente entre os servizos educativos e outras administracións” na procura da mellora da convivencia, “fenómeno social que se estende alén das fronteiras físicas do centro educativo” **polo que se impulsará a coordinación dos centros educativos coas institucións do contorno.***

O obxectivo prioritario da Estratexia galega é polo tanto,

***“normalización de modelos de coordinación con outros servizos e institucións de familia e menores”*** (Eixe 5 Xestión e abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia).



## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (4/12)**

O **ACORDO DE COLABORACIÓN** entre o IES do Milladoiro e o Concello de Ames, consiste en

*atender ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e/ou ao que se vexa privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da aplicación dunha sanción.*

**Posibilita que o alumnado poderá realizar traballos para a comunidade nas dependencias municipais co obxectivo de atender ás necesidades da cidadanía, baixo a consideración de actividades formativas.**

**Constitúese como unha proba piloto, articúlase como unha colaboración conxunta entre ambas as entidades.**

A referida colaboración ten a súa **contextualización normativa**:

No artigo 19 da Lei 4 /2011, de convivencia e participación da comunidade educativa,

No artigo 24 do Decreto 8/2015, polo que desenvolve a referida Lei 4/2011), terá que realizar traballos para a comunidade nas dependencias do Concello para atender ás necesidades da cidadanía.

As tarefas e actuacións co alumnado terán sempre unha consideración de actividades formativas.

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (5/12)**

**OS CONVENIOS** asinados pola Consellería no ámbito de **Diversidade e Orientación**, conteñen case que todos eles unha cláusula que fai referencia ao artigo 40 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A de Galicia, en tanto que dispón que

*"a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".*

En atención a estas consideracións:

- Desde a Rede do IES do Milladoiro fixouse o obxectivo de implicar ás diversas institucións que se reflicten nos citados convenios e asemade, outras que tamén se consideraron en base a razóns de oportunidade, etc
- Hai unha clara vontade de sumar os esforzos e as aportacións dos diferentes membros da Rede, co obxectivo de dar cumprimento á normativa perto tamén, aos convenios e protocolos da Consellería, desde a perspectiva é círculo de influencia dos seus membros.
- Partindo da normativa e dos citados protocolos, é como se abordan desde rede, asuntos como: á convivencia, promoción de hábitos saudables, emerxencia sanitaria, igualdade de xénero, atencións específicas de alumnado con continxencias e riscos concretos, etc.
- As dimensións nas que se organizan as intervencións son: física, mental e social

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (6/12)**

No artigo 41 do citado Decreto 229/2011 establece en relación coa coordinación intercentros, nos puntos 2 e 3 o seguinte:

*2. A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor como do Departamento de Orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación.*

*3. O PXAD deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados.*

Estas son outras dúas finalidades que se perseguen desde a Rede, xa que se viñan detectando certas carencias e mesmo disfuncións na referida coordinación e fluxos de información .

É necesario considerar tamén o artigo 42, punto 4 do referido Decreto, en referencia á participación e colaboración das familias, neste senso, como un dos obxectivos da Rede:

*“Os centros docentes promoverán a posta en marcha de programas familia-escola e/ou das medidas que correspondan para que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado reciban información e asesoramento que os axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”.*

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (7/12)**

O citado punto 4 do artigo 42 do Decreto 229/2011, ten un desenvolvemento actual na **RESOLUCIÓN do 3 de xullo de 2018, da DXEFPIE**, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG do 7 de agosto).

Pola súa vez, no Decreto 8/2015 tamén se fai referencia no seu artigo 27 as citadas escolas de nais e pais, en tanto que insire:

*«..e cando así se determine no plan de convivencia de cada centro e cos requisitos que se establezan naquel documento, **poderán crearse as escolas de nais e pais** para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.*

*As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da Comisión de Convivencia.*

Neste senso, desde a Rede do IES do Milladoiro, xa se teñen levado a cabo accións de cara a citada escola de nais e pais.

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (812/)**

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na C. A de Galicia, como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e BAC na C.A de Galicia,

**inclúen o ensino de hábitos saudables (alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso) así como de prevención de enfermidades.**

Aquí está a fundamentación doutro dos piares nos que se sustenta a rede e que conleva accións de dinamización da vida saudable:

- *Por Orde ECD/2475/2015, de 19 de novembro, créase o distintivo de calidade de centros docentes Selo Vida Saudable (BOE do 24).*
- *Por Resolución de 23 de decembro de 2015, da Secretaría de Estado de Educ. FP, e Universidades (BOE do 31), establécese o procedemento para a concesión do distintivo de calidade Selo Vida Saudable.*
- *Por Resolución de 14 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Educ., FP, e Universidades, establécese o procedemento para a concesión do distintivo de calidade Selo Vida Saudable. (BOE do 20 de decembro).*
- **Por Resolución de 8 de xuño de 2017, da Secretaría de Estado de Educ., FP e Universidades, concédese o distintivo de calidade «Selo Vida Saudable». (BOE do 23 de xuño)**

**DCSVS17/00028**

**IES DE MILLADOIRO**

**15032807**

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (9/12)**

**Outra das finalidades da Rede é** dar cumprimento ás obrigas que se impoñen na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor (LOPXM), consolidada coa Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, *propoñendo e desenvolvendo accións a prol das garantías da referida protección, etc.*

Tamén se procura abordar accións a prol dos aspectos educativos que se insiren nas dúas Leis que se insiren de seguido:

- **Lei 27/2005**, de 30 do novembro, de fomento da educación e a cultura da paz (contribuír aos fins do seu artigo 2º)
- **Lei 2/2014**, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para dar resposta adecuada desde o ámbito educativo.

*Artigo 21. Campañas de educación sexual; Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos; Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA; Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.*

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (10/12)**

Exemplo de colaboración con outras institucións:

*O Concello de Ames, informou da súa participación na Rede Española de Cidades Saudables e de previsións para mellorar o ocio da mocidade.*

*Unha vez presentado o Plan Municipal de Prevención, convocarase unha mesa intersectorial na que tomarán parte, entre outros sectores, un representante dos centros escolares.*

Esta colaboración ten lugar desde unha convocatoria da que forma parte o Concello de Ames, no marco do Convenio para o ano 2018 entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, agora Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (MSCBS) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)

**para a potenciación da Rede Española de Cidades Saudables e a Implementación Local da Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención.**

## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (11/12)**

A citada convocatoria na que participa o Concello de Ames, e que comparte coa Rede do IES do Milladoiro, ten referencia nas seguintes axudas, entre outras:

*A) Axudas ás Entidades Locais, integradas na Rede Española de Cidades Saudables que realicen actuacións estratéxicas, innovadoras e de calidade en promoción da saúde e prevención de enfermidades nas liñas estratéxicas do programa de cidades saudables e da Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no Sistema Nacional de Saúde (EPSP).*

Inclúense neste apartado os **proxectos** relacionados con:

- *Favorecer o envellecemento activo e saudable.*
- *Potenciar un desenvolvemento integral para a saúde na infancia e parentalidade positiva.*
- *Promoción da actividade física e/ou a alimentación saudable.*
- *Iniciativas que contribúan ao benestar emocional.*
- *Planificación urbana saudable.*
- *Actuacións relacionadas coa prevención de consumo de tabaco, alcol e drogas.*
- *Prevención de lesións.*
- *Participación comunitaria.*
- *Prevención de enfermidades crónicas.*
- *Promoción da saúde sexual e prevención do VIH e outras ITS.*

Todas estas liñas de actuación son tamén de interese para os centros educativos e mesmo poden ser beneficiarios das intervencións, etc.



## 4.-Contextualización das **intervencións na normativa. (12/12)**

Outro exemplo de intervencións da Rede é o que se enmarca no programa “**Promociona**”:

Entre outras actuacións, se informou ademais, da campaña “Partir de cero” (<https://partirdecero.org/>), sendo este un programa que se ubica no CONTEXTO DE APLICACIÓN: **Europa 2020 e o Plan Nacional para a Inclusión Social da Comunidade Xitana en España.**

**A partir de 2016**, A Fundación Secretariado Xitano xestiona catro novos Programas Operativos entre os que se encontra o POISES (Programa Operativo de Inclusión Social e da Economía Social), **que se enmarca no novo período de programación 2014-2020.**

Este programa da continuidade ao Programa Promociona, incorporando ademais de maneira máis integrada as accións de educación. O citado programa Promociona estrutúrase en 7 fases básicas conforme se insire de seguido:

*1.-Difusión e captación, 2.-Selección do alumnado, 3.-Acollida e Diagnóstico, 4.-Deseño do plan individualizado de intervención, 5.-Intervención, 6.-Avaliación, 7.-Seguimento*

No que atinxe á intervención, organízase, **partindo da Orientación educativa individualizada**: familia e alumno/a; accións grupais: aulas promociona e outras accións, coordinación con centros educativos, coordinación con outros axentes e servizos.

## 5.-Valoración das aportacións da Rede do IES do Milladoiro.

A valoración que se fai desde a Inspección Educativa dos centros participantes é altamente positiva.

- É un instrumento que mesmo dispón dun formato e metodoloxía moi efectiva de cara asegurar a participación activa e en positivo na mellora do servizo educativo.
- Representa unha clara oportunidade para compartir e divulgar as accións socio-educativas dunha contorna e para coñecer o que se está a facer desde os ámbitos educativo e institucional
- Ofrece unha visión de transparencia no servizo educativo pero tamén de percepción de confianza nos criterios empregados no desenvolvemento de actividades e da utilización de recursos públicos.
- A comunidade educativa sae moi fortalecida coa dinamización da Rede e os seus membros senten que están a facer e contribuír de forma útil e que se lles ten en conta as súas aportacións.
- Ponse en valor a acción educativa pero tamén se intercambia información que contribúe aspectos de seguridade do alumnado, pero tamén un coñecemento dos puntos débiles e necesidades de maior e mellor intervención.
- Responde a unha filosofía de participación con retroalimentación e respostas bidireccionais.
- Pretende ser un foro aberto a quen queira colaborar para mellorar a atención ao alumnado tanto dentro como fóra do ámbito educativo, incluída a mellora dos resultados académicos.
- A necesidade deste tipo de redes ven determinada pola complexidade e repercusión que está a ter na actualidade a xestión do servizo educativo, a convivencia e as situacións de vulnerabilidade que ten o alumnado na interacción coas TIC, axentes de socialización, etc

## 6.- Desexos de futuro.

- Consolidar a rede nos aspectos que se veñen desenvolvendo desde o seu inicio, nas súas tres dimensións.
- Mellorar a implicación efectiva e corresponsabilidade de nais e pais nos aspectos que teñen un maior impacto na vida diaria dos centros da Rede, tanto a nivel da convivencia como de cara garantir un espazo formativo atractivo e equitativo, que potencie ao máximo as capacidades de cada alumno/a.
- Lograr maiores niveis de integración de alumnado con dificultades diversas e/ou que se incorpora ao sistema educativo en situacións de desvantaxe, etc.
- Mellorar as canles e nivel de información entre os centros participantes da rede.
- Incrementar os niveis de coordinación e colaboración das diferentes institucións e colectivos participantes na Rede.
- Lograr un efectivo desenvolvemento da escola de nais/pais no ámbito dos centros que forman parte da Rede.
- Dispoñer dun marco e desenvolvemento normativo que permita asinar protocolos como o que se ven desenvolvendo como experiencia piloto co concello de Ames para alumnado con condutas disruptivas reiteradas con tipificación de falta leve.
- Comunicar mellor as diferentes actividades que promoven e/ou desenvolven os membros da Rede para lograr unha maior participación naquelas que foron definidas previamente, como de elevado interese ou necesidade.

## 7.-Conclusións. (1/2)

A Rede do IES do Milladoiro:

1. Fomenta e enriquece de forma moi positiva a participación e interacción coa contorna.
2. Constitúe un reforzo e impulso das medidas de atención á diversidade, da convivencia e participación democrática e aberta nos centros.
3. Ten un gran valor, como observatorio da convivencia nunha determinada contorna pero pola súa vez, constitúese nunha mesa de traballo e un instrumento de dinamización-
4. É unha oportunidade para lograr alianzas externas desde os centros participantes, centros, cuxa implicación aporta recursos que melloran significativamente a atención a alumnado con neae, alumnado con condutas disruptivas, etc.
5. Permite coordinar as actividades das anpas e doutros organismos participantes.

## 7.-Conclusións. (2/2)

**Para a inspección educativa, a Rede do IES do Milladoiro:**

- *Representa unha excelente oportunidade e instrumento para observar e avaliar o estilo educativo, directivo e orientador dun centro.*
- *Permite visualizar as fortalezas e necesidades de mellora nun determinado contorno.*
- *Aporta tamén indicadores para a mellora da propia inspección educativa no que atinxe aos aspectos de supervisión ou cara informar das necesidades de recursos con destino á instancias superiores.*

Grazas pola súa  
atención

[manuel.guerra@edu.xunta.es](mailto:manuel.guerra@edu.xunta.es)